



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de febreiro de 2023 (1392/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo online.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(112).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas da sesións extraordinarias e urxentes do 13 e 17 de febreiro e ordinaria do 16 de febreiro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(113).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 15460/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSA-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Obxecto: Desestimación de reclamación retributiva por “complementos” de nocturnidade e festividade (durante ILT, vacacións, permisos ...)

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Contía: Indeterminada

Expte.	Nº Rec. Apelación	Nº Sentenza (data)	Procedemento de orixe	Exptes. administrativos
14391/111	180/2022	802 (26/10/2022)	RC-A nº 315/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 296 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38149/220
14430/111	172/2022	815 (02/11/2022)	RC-A nº 314/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 291 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38149/220
14406/111	184/2022	944 (09/12/2022)	RC-A nº 293/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 299 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38149/220
14392/111	192/2022	794 (26/10/2022)	RC-A nº 335/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 306 do 23/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	38102/220 35363/220
14399/111	195/2022	830 (02/11/2022)	RC-A nº 296/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 285 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38266/220
14459/111	210/2022	828 (02/11/2022)	RC-A nº 308/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 301 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	38102/220 35363/220



Concello de Vigo

Expte.	Nº Rec. Apelación	Nº Sentenza (data)	Procedemento de orixe	Exptes. administrativos
14456/111	214/2022	942 (09/12/2022)	RC-A nº 325/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 3 do 10/01/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/02/2022	35363/220
14626/111	337/2021	839 (07/11/2022)	RC-A nº 278/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 89 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	38102/2020 35363/220
14657/111	353/2022	800 (26/10/2022)	RC-A nº 276/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 88 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	38102/220 35363/220
14637/111	357/2022	972 (16/12/2022)	RC-A nº 279/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 79 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220
14627/111	347/2022	936 (09/12/2022)	RC-A nº 280/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 82 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38102/220
14645/111	352/2022	952 (09/12/2022)	RC-A nº 288/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 84 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14630/111	344/2022	962 (16/12/2022)	RC-A nº 320/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 78 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	38102/220 35363/220
14620/111	358/2022	801 (26/10/2022)	RC-A nº 334/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 67 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	38102/220 38149/220

Estas sentenzas, que non son firmes (pendente de casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas de instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declaran o dereito dos actores a:

- 1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".
- 2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".
- 3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

2.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación. Retribucións (horas extraordinarias dende 2015) e indemnización de 25.000 euros

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Contía: Indeterminada

Expte.	Nº Recurso	Resolución (data)	Resumo
12967/111	PO 192/2020	Sentenza nº 313 (15/12/2022)	Estas sentenzas, ditadas en execución do resolto en apelación, analizan e resolven a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do “decreto” de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade). No seu F.D. 2º reiteran a diferenza entre horario e xornada de traballo. No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúen na inexistencia de dano antixurídico, desestiman o recurso e declaran a firmeza desta segunda sentenza por razón de contía.
12953/111	PO 185/2020	Sentenza nº 327 (22/12/2022)	
13294/111	PO 329/2020	Sentenza nº 320 (19/12/2022)	
12980/111	PO 210/2020	Sentenza nº 3 (10/01/2023)	
15186/111	PO 194/2020	Auto (02/12/2022)	

3.- Contencioso. Expediente nº 15305/111

Auto nº 84 do 19 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 334/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Oferta de Emprego Público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo e Resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado no referente á praza de Titulado Medio

Expte(s): 39998/220

Este Auto, susceptible de recurso de apelación, acorda o arquivo do procedemento porque a parte demandante non procedeu á emenda do requirido conforme á lexislación procesual para que puidese continuar a tramitación. O asunto relaciónase coa aprobación da OPE de estabilización do Concello de Vigo, e se advertira ao órgano xudicial da existencia deste mesmo recurso presentado perante o XCA nº 2 de Vigo tamén, optando o Xulgado por non resolver a alegación sobre a duplicidade de recursos e estar ao contido deste auto, polo que remata o procedemento.

Se suspende o sinalamento para a vista do 8 de febreiro do 2023, así como a remisión do expediente administrativo.

4.- Contencioso. Expediente nº 15094/111

Sentenza nº 1 do 11 de xaneiro de 2023



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 282/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 27/07/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade por prestación de servizos no sector público

Expte(s): 39821/220, 40145/220

Contía: Indeterminada

A sentenza que resolve este recurso, estimándoo, non é firme e contra a mesma se presentará recurso de apelación.

A demanda a interpuxo unha persoa que superou o proceso selectivo para a cobertura de prazas vacantes na Policía Local de Vigo, e que se atopaba en situación de servizo activo tamén como Policía Local noutro Concello.

Solicitou o recoñecemento da excedencia por prestación de servizos noutras Administracións, que se lle desestimou, e tamén unha indemnización por danos polos desprazamentos dende o o seu lugar de residencia ata o termo municipal de Vigo, por indebidos.

A cuestión discutida no fondo é se lle corresponde ao Concello de Vigo, conforme á normativa de aplicación, resolver de oficio unha declaración de excedencia por prestación de servizos no sector público (por razóns de incompatibilidade entre as dúas prazas de Policía Local), e se o demandante tiña que tomar posesión no Concello de Vigo dentro de prazo, como se lle comunicou.

A sentenza resolve a cuestión expoñendo as normas legais de aplicación, e resumindo a interpretación que o TSXG ofrece deste tipo de asuntos. A este respecto, o criterio do Xulgado tomando seu o do TSXG é que o Concello de Vigo tiña que declaralo nesa situación de excedencia, posto que optara pola praza de orixe, non sendo precisa sequera a toma de posesión.

Tamén considera que debe estimar a pretensión indemnizatoria sen que se requira previamente a tramitación dun expediente de responsabilidade patrimonial.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 15022/111

Sentenza nº 2 do 11 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 280/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 27/07/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade por prestación de servizos no sector público, contra denegación da Xefa de Área de RRHH e Formación do 5/8/2022 á toma de posesión como funcionario de carreira no Concello de Vigo, como Policía Local e contra Proposta-Resolución do 24/08/2022 elaborada pola Área de RRHH e Formación

Expte(s): 39831/220, 40237/220, 40487/220

Contía: Indeterminada

A sentenza que resolve este recurso, estimando o mesmo, non é firme, e contra a mesma se presentará recurso de apelación. Relaciónase co P.A. 282/2022, tramitado e resolto en idéntico sentido perante o mesmo Xulgado.

A demanda a interpuxo un Policía Local en situación de servizo activo noutro Concello trala superación dun proceso selectivo convocado polo Concello de Vigo para a cobertura de prazas vacantes.

Esta persoa solicitou en vía administrativa o recoñecemento dunha situación de excedencia por prestación de servizos noutras administracións, que se lle desestima.

A cuestión de fondo é se lle corresponde ao Concello de Vigo, e conforme á normativa de aplicación a estas situacións, resolver de oficio e declarar en situación de excedencia pola prestación de servizos no sector público (en aplicación das leis sobre incompatibilidade), por tratarse de dúas prazas de Policía Local, a de orixe e a de destino, sen que sexa preciso que tome posesión na de destino, se opta por permanecer na de orixe.

A sentenza resolve esta cuestión expoñendo as normas legais de aplicación e resumindo a interpretación que o TSXG ofrece deste tipo de asuntos. A este respecto, o criterio do Xulgado, facendo seu o do TSXG, é que o Con-

cello tiña que declaralo nesa situación de excedencia, xa que optou pola praza de orixe, non sendo necesario que chegase a tomar posesión no Concello de Vigo.

A Área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 14889/111

Sentenza nº 301 do 7 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 212/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do expediente sancionador, denuncia por infracción de tráfico despois de sufrir un accidente de circulación

Expte(s): 290264/280

Contía: 500,00 €

Esta sentenza, firme, desestima a demanda e ratifica a imposición dunha sanción por conducción temeraria por circular a unha velocidade manifestamente desproporcionada ás características da vía e exteriorizando un relevante desprezo pola vida ou integridade dos demais usuarios da vía.

Cuestión de feito, que con respaldo do atestado e do cálculo de velocidade levado a cabo pola Policía Local, case reducía a cuestión discutida aos feitos, considerados acreditados e valorada debidamente esa temeridade polo Xulgador.

Dende o punto de vista formal, sobre a tramitación do expediente, non se cuestionaba máis que xenericamente a infracción do principio de tipicidade, descartado este extremo na sentenza ao concorrer as circunstancias da temeridade, e o resto de aspectos; notificacións, dereito á presentación de alegacións, etc., foron correctos, validando integramente a tramitación municipal.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 14520/111

Sentenza nº 3 do 9 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra

Abreviado: 38/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, que acorda a imposición de multa de 900 euros por non identificar ao condutor

Expte(s): 288638/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, que é firme por contía, estima o recurso do demandante, con imposición de custas limitadas ao Concello.

Anula as resolucións impugnadas, ditadas nun expediente sancionador en materia de tráfico, por non identificar ao condutor dun vehículo.

A sentenza estima o recurso con base no primeiro argumento da demanda, de tipo formal, sobre a falta de motivación dos actos impugnados. Se indica nos feitos que cando o demandante recibe a comunicación da incoación do procedemento sancionador por non identificar ao condutor, presentou de seguido un escrito no que comunicaba o seu ingreso hospitalario, e procedía a identificar ao condutor (el mesmo), acompañando copia do permiso de conducción.

A resolución sancionadora respondeuse cun modelo-tipo que contén unha indicación errónea de que o condutor se negara a identificarse, cando si constaba. E tampouco constaba valoración algunha sobre a hospitalización do demandante, polo que esta sentenza considera que a falta de motivación é grave, ao reproducir un modelo tipo que non se axusta ás peculiaridades do caso. Se causa indefensión ao interesado, polo que procedía a anulación das resolucións.

A sentenza reconece expresamente "o meritorio esforzo argumental do letrado da Administración municipal".

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto, e procurar a individualización das respostas ás alegacións presentadas neste tipo de expedientes.



Concello de Vigo

8.- Contencioso. Expediente nº 14965/111

Sentenza nº 4 do 12 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 250/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade do Concello de Vigo, de data 13/06/2022, imposición de sanción de 1200 euros por non identificar ao condutor.

Expte(s): 292370/280

Contía: 1.200,00 €

Sentenza firme desestimatoria da demanda interposta pola actora pola imposición dunha multa de tráfico por infracción moi grave consistente en non identificar ao condutor; a actora alega a práctica da notificación do requirimento en lugar distinto ao seu enderezo. A sentenza indica que a notificación municipal foi correcta por canto foi practicada no enderezo da DXT, estando obrigada a actora a identificar á persoa conductora por canto a infracción de tráfico por exceso de velocidade se atopaba entre os supostos do art. Con custas.

9.- Contencioso. Expediente nº 15018/111

Sentenza nº 5 do 12 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 278/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída na ponte sita enriba do barrio da Pedra

Expte(s): 6589/243

Contía: 2.990,31 €

Esta sentenza é firme por contía e non cabe ningún recurso. Desestima a demanda presentada pola demandante contra a resolución de inadmisión da reclamación por danos (RPA) por unha caída nos arredores do Barrio da Pedra.

A sentenza considera acreditado que o lugar onde se produciu a caída foi a cuberta do edificio de titularidade estatal, para o que a Subdelegación do Goberno solicitara licencia para executar unhas obras de reimpermeabilización da cuberta. Non producíndose o accidente, por tanto, nun vial de titularidade municipal nin sobre outro espazo público que tivese obriga de manter o Concello de Vigo.

Se ratifica o axuste a dereito da resolución de inadmisión, o que conleva a desestimación por falta de lexitimación pasiva desta demanda.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 15010/111

Auto nº 2 do 13 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 268/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acto presunto do Concello de Vigo, procedemento iniciado a instancia de parte, desestimación por silencio administrativo Danos ocasionados no inmovible sito na rúa Casal nº 27 por mor dunha avaría da rede pública de abastecemento de auga.

Expte(s): 6634/243

Contía: 556,00 €

Este Auto é firme e non cabe ningún recurso contra o mesmo.

Declara a terminación do procedemento por satisfacción extraprocésual e o arquivo do procedemento. O expediente de orixe é o iniciado por unha reclamación por responsabilidade patrimonial polos danos causados nun inmovible.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14076/111

Decreto nº 7 do 10 de xaneiro de 2023

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 695/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento do dereito e cantidades a percibir durante a situación de incapacidade temporal (Servizo Municipal de Deportes)

Expte(s): 41359/220

Contía: 1.536,08 €

Decreto polo que se ten por desistida á parte demandante da súa demanda relativa á reclamación de dereito e cantidade en concepto de festividade e nocturnidade de persoal laboral en situación de IT e se acorda o sobreseimento das actuacións e o arquivo dos autos. Satisfacción extraprocésual. Resolución expresa en vía administrativa. Susceptible de recurso directo de revisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(114).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NOS RECURSOS 16/2023 E 17/2023 INTERPOSTOS CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26210/332.

Dáse conta da proposta de dta 17/02/2023, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º Tomar razón da Resolución nº 29/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída nos recursos interpostos, respectivamente, pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 16/2023) e pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESA DE LIMPEZA -ASPEL- (recurso 17/2023) contra os pregos da contratación para a prestación do servizo de limpeza nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, expediente 26210-332. Na mesma o TACGAL destima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar os recursos interpostos interpostos, respectivamente, pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 16/2023) e pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESA DE LIMPEZA -ASPEL- (recurso 17/2023) contra os pregos da contratación para a prestación do servizo de limpeza nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que se relacionan no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, expediente 26210-332 dese Concello.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición dos recursos, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- levantar a suspensión do prazo de presentación de ofertas e da traslado do expediente ao servizo de Contratación para continuar coa tramitación do mesmo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(115).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS. EXPTE. 6739/241.

Visto o informe de fiscalización do 14/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 07/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Adhesión a Central de Contratación da FEMP

A Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), na sesión de 17 de febreiro de 2022, adheriuse á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

2.- Acordo Marco do servizo de mediación de riscos e seguros da FEMP

A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario e 3 lotes xeográficos. Galicia pertence ao lote 1.

Devandito Acordo Marco adxudicouse con data de 12 de decembro de 2019 a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 3 de marzo de 2020, e comezando a súa execución ao día seguinte. Ten unha vixencia de 2 anos e poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais. No entanto, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas as partes até un máximo de 6 meses.

O 28 de xaneiro de 2022 formalizouse a primeira prórroga deste contrato pola FEMP e o contratista, que rematará o 3 de marzo do ano en curso. O 27 de xaneiro de 2023 formalizaron a segunda prórroga que se iniciará o día 4 de marzo.

3.- Aprobación do expediente de contratación e adxudicación do mesmo

En data 3 de marzo de 2022, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros adxudicado pola Central de Contratación da FEMP con data de



Concello de Vigo

12 de decembro de 2019 e formalizado o 3 de marzo de 2020, a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.

Terceiro.- Formalizar o citado contrato”.

4.- Prazo de execución

O prazo total de execución do contrato formalizado polo Concello de Vigo con Willis é de un ano, e prevese unha prórroga dun ano de duración.

Formalizado o contrato comezou a súa execución o 4 de marzo, polo que a presente anualidade rematará o próximo 3 de marzo de 2023.

5.- Prestación do servizo

O servizo de Contratación solicitou informe aos diferentes responsables do contrato, sobre a súa conformidade coa prestación do servizo e a conveniencia da prórroga. Destes informes, anexados ao expediente, dedúcese que a prestación dos servizos de mediación estase a realizar a plena satisfacción dos servizos xestores, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, tal e como consta nos escritos. Polo tanto, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a formalización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 04/03/2023 e o 03/03/2024.

6.- Preaviso

O responsable do contrato comunicoulle ao citado adxudicatario o correspondente aviso previo no que manifestaba a súa disposición a prorrogar o contrato de mediación de riscos e seguros nos termos establecidos no prego e na resolución de adxudicación. O devandito aviso foi enviado 2 meses antes da data de finalización do contrato.

7.- Prezo

O contrato non xera un prezo para a Entidade contratante. A retribución do Contratista virá fixada pola comisión que se especificará en cada un dos procedementos de contratación das pólizas de seguro que inicie ou subscriba a Entidade Local baixo a súa mediación, e en todo caso, será abonada pola entidade aseguradora sen que derive gasto ou custo algún para a Entidade Local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O PCAP do Acordo Marco establece na súa cláusula 21.4 que:

“A duración máxima dos contratos baseados será de tres anos, incluídas as posibles prórrogas. Os contratos baseados poden non incluír revisión de prezos”.

De conformidade co disposto no artigo 29.2 da LCSP, a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso se realice cunha antelación mínima de dous meses á finalización da vixencia do contrato. En ningún caso a prórroga poderá producirse polo consentimento tácito das partes. Se ben, a A prórroga do contrato en base a esta cláusula non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 da LCSP, por haberse atrasado a Administración no pago do prezo por máis de seis meses”.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto na citada cláusula 21.4 do PCAP, o presente contrato é susceptible de prórroga por un ano adicional e non se atopa no suposto descrito anteriormente no artigo 198.6 da LCSP, procedendo, polo tanto, a aplicación das normas xerais para baseada na prórroga do contrato.

TERCEIRA.- As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do Contrato baseado e permanecerán inalteradas durante toda a vixencia da prórroga, segundo o establecido no PCAP.

CUARTO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da LCSP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a prórroga do contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros adxudicado pola Central de Contratación da FEMP con data de 12 de decembro de 2019, a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. e formalizado o 3 de marzo de 2020 para o período comprendido entre o 04/03/2023 e o 03/03/2024.

2º.- Comunicar este acordo á empresa adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicala no perfil do contratante do Concello e notifícala segundo o disposto na LCSP”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(116).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA. EXPTE. 2893/500.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 16/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 12 de maio de 2022 (aprobado pola Comisión de seguimento, vixilancia e control con Convenio de colaboración en materia de xestión catastral suscrito entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello de Vigo o 21 de novembro de 2021, publicado no BOE no 289 de 3 de decembro de 2021), que rexerá a contratación do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 6 de outubro de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto de 1.530.000,00€ (que inclúe un IVE de 265.537,20€) para a contratación do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE

DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA, con cargo á aplicación orzamentaria 9320.2279902, segundo o seguinte detalle:

EXERCICIO	IMPORTE CON IVE	DISTRIBUCION POR LOTES
2023	255.000 euros	LOTE A: 127.500 euros
		LOTE B: 127.500 euros
2024	510.000 euros	LOTE A: 255.000 euros
		LOTE B: 255.000 euros
2025	510.000 euros	LOTE A: 255.000 euros
		LOTE B: 255.000 euros
2026	255.000 euros	LOTE A: 127.500 euros
		LOTE B: 127.500 euros

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500) para os lotes A e B na seguinte orde descendente:

LOTE A

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	90,98
3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25

LOTE B

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	91,11
3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25



Concello de Vigo

Segundo.- En base ao establecido no apartado 2.D do Anexo I -FEC- do PCAP que indica que “a licitadora que obtivera a máxima puntuación en ámbolos dous lotes será adxudicataria do lote da súa preferencia, resultando adxudicataria do lote restante a licitadora que obtivera a segunda mellor puntuación no mesmo”:

1. *Requirir a licitadora clasificada, en ambos lotes, en primeiro lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B33473489) que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*
 1. *Declaración asinada dixitalmente polo seu representante, con poder ao efecto, no que indique o lote da súa preferencia.*
 2. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
 3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
 4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
2. *Requirir a licitadora clasificada en segundo lugar, en ambos lotes, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. (B96067400), para que presenten, asemade, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*
 1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
 2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
 3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitador clasificados en primeiro e segundo lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., o día 30 de xaneiro de 2023, que presentan a documentación requirida o 7 e 9 de febreiro, respectivamente, dentro do prazo concedido. O 8 de febreiro o primeiro clasificado declara a súa preferencia polo lote B Zona Oeste de conformidade co previsto no apartado 2D do Anexo I -FEC- do PCAP.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro e segundo lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante é a formulada por LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 3 e 24 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B-33.473.489) o lote B ZONA OESTE do procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 765.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 132.768,60 euros.*
- b) *Propón como baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios para o conxunto dos prezos unitarios: 18%.*
- c) *Propón como incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 200 que figura no Servizo III.1.1 contemplado na Prescrición 1 do PPTP, 100 medicións anuais a maiores das sinaladas no PPTP.*
- d) *Propón como incremento da porcentaxe de expedientes xurídicos a que se refire o SERVIZO I.2 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP, postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 3 meses previsto no apartado 2 da prescrición 3 do PPTP, un 24% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
- e) *Propón como incremento na porcentaxe de expedientes físicos de declaracións e comunicacións a que se refire o SERVIZO I.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 5 meses previsto no apartado 3 da prescrición 3 do PPT, dun 20% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*



Concello de Vigo

- f) *Propón facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións desglosadas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos: si*
- g) *Acredita a posesión de Formación específica en GIS aplicado a urbanismo-catastro, a través dun curso de formación dun mínimo de 80 horas por parte de 2 delineante(s)/técnico/a(s) superior(es) en topografía/cartografía adscritos/as ao contrato de forma presencial no servizo de Xestión Catastral delegada na forma requirida pola prescrición 5 do PPTP.*
- h) *Acredita práctica no manexo das aplicacións SIGCA, SIGECA e SAUCE, a través da presentación de 5 licenzas.*
- i) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais (números de policía, cambios de denominación de rúas, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmovible), prevista no servizo 9 da prescrición 1 a que se refire o SERVIZO III.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DO PPTP cunha redución de 60 días.*

Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. (B-96.067.400) o lote A ZONA ESTE do procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2.893-500) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 765.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 132.768,60 euros.*
- b) *Propón como baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios para o conxunto dos prezos unitarios: 18,10%.*
- c) *Propón como incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 200 que figura no Servizo III.1.1 contemplado na Prescrición 1 do PPTP, 100 medicións anuais a maiores das sinaladas no PPTP.*
- d) *Propón como incremento da porcentaxe de expedientes xurídicos a que se refire o SERVIZO I.2 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP, postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 3 meses previsto no apartado 2 da prescrición 3 do PPTP, un 24% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
- e) *Propón como incremento na porcentaxe de expedientes físicos de declaracións e comunicacións a que se refire o SERVIZO I.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO do PPTP postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 5 meses previsto no apartado 3 da prescrición 3 do PPT, dun 20% a maiores sobre a porcentaxe sinalada no PPTP.*
- f) *Propón facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións desglosadas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos: si*
- g) *Acredita a posesión de Formación específica en GIS aplicado a urbanismo-catastro, a través dun curso de formación dun mínimo de 80 horas por parte de 2 delineante(s)/técnico/a(s) superior(es) en*

topografía/cartografía adscritos/as ao contrato de forma presencial no servizo de Xestión Catastral delegada na forma requirida pola prescrición 5 do PPTP.

- h) Acredita práctica no manexo das aplicacións SIGCA, SIGECA e SAUCE, a través da presentación de 5 licenzas.*
- i) Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais (números de policía, cambios de denominación de rúas, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmovible), prevista no servizo 9 da prescrición 1 a que se refire o SERVIZO III.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DO PPTP cunha redución de 60 días.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(117).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA. EXPTE. 246353/301.

Visto o informe de fiscalización de data 16/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación



Concello de Vigo

da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, para o «DESENVOLVEMENTO DA ADAPTACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA A TRANSMISIÓN DE INFORMACIÓN Á AEAT (MODELOS 111 E 190)», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 24), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 11) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal n.º 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (87.493,81 €, IVE 21% incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.99.05 dos orzamentos municipais (“Outros traballos prestados por empresas”) e a súa bolsa de vinculación.

“CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 10 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 15 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 31 de xaneiro e 6 de febreiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) *O prezo total do contrato é de 84.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.700,00 euros.*
- b) *Incrementa o período de garantía sobre o mínimo esixido de 1 ano a maiores do mínimo esixido no apartado 10 do Anexo I -FEC- do PCAP en 4 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(118).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1533/2202.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 18 de outubro de 2022 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo conferido ao efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. GEROSALUD
2. IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.
3. PREVISIONOR, S.L.
4. QUIRON PREVENCION, S.L.U.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de novembro de 2022, procedeu a apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu en acto público á apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula".

Quinto.- En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Sexto.- En data 7 de decembro de 2022, o TACGAL, en resolución nº 221/2022, inadmite o recurso por extemporáneo.

Sétimo.- En data 13 de decembro de 2022, D. Gabriel Pérez Serrano, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., solicita que o órgano de contratación declare a nulidade de pleno dereito do expediente. Esta solicitude foi inadmitida pola XGL, na sesión de 12 de xaneiro de 2023, que acordou:

"1º.- Inadmitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC.

2º.- Non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC".

Oitavo.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2022, acordou aceptar o informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 12 de decembro de 2022



Concello de Vigo

de valoración do sobre C “proposición avaliábel mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. E a continuación formulou proposta de clasificación deste procedemento.

Noveno.- A Concelleira delegada de Contratación, en data 19 de decembro de 2022, resolveu:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	70,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	62,50 puntos
3	PREVISIONOR, S.L.	54,63 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Décimo.- A XGL, na sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, estando exento de IVE.*
- b) Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 1 ano de experiencia.*
- c) Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 3 anos e 6 meses de experiencia.*
- d) Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a conducción de vehículos.*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a súa valoración”.

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante do concello de Vigo ao día seguinte, o 27 de xaneiro.

Undécimo.- En data 14 de febreiro de 2023, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. (en adiante QUIRÓN), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación deste contrato. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Duodécimo.- En data 17 de febreiro de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 15 de setembro de 2022, de adxudicación do procedemento aberto o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



Concello de Vigo

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurese unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo



Concello de Vigo

órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles.

E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 14 de febreiro. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 27 de xaneiro, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

QUIRÓN Impugna a adxudicación do contrato en base os seguintes motivos:

1. Incumprimento dos pregos na valoración da súa oferta (fundamento de dereito terceiro)
2. Falta de solicitude de aclaracións ás ofertas

Analizaremos cada unha delas a continuación:

1.- Incumprimento dos pregos na valoración da súa oferta

O recorrente manifesta a súa desconformidade coa valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmula relativos á experiencia a maiores do mínimo esixido para o persoal a adscribir ao contrato, a saber, un/a médico/a

especialista en medicina do traballo, un/a DUE especialista en enfermería do traballo e un médico (nº 2, 3 e 4 do apartado 7.B do PCAP). Para acreditar a experiencia o PCAP esixe a achega do contrato laboral e a vida laboral do citado persoal, aclarando que de non presentarse esta documentación outorgaranse 0 puntos.

QUIRÓN achega os contratos laborais e certificados de vidas laborais de cada un dos citados profesionais. O órgano de contratación para realizar a valoración so tivo en consideración os anos de experiencia que constan no certificado de vida laboral achegado. Ilo é así por canto o contrato so da fe da contratación do traballador nunha determinada data, máis non acredita os anos de prestación do servizo.

Informa ao respecto o servizo xestor o seguinte:

“De acordo coa cláusula 16. Criterios para adxudicación do contrato (páxina 19) e nos puntos 6 e 7 das FEC (páxinas 52-53), do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo:

- no apartado 6.B das FEC se establece o seguinte: *“Co modelo de proposición deberá achegarse a seguinte documentación: A documentación acreditativa da experiencia mediante contratos laborais e vida laboral.”*
- no apartado 7.B.2, 7.B.3 e 7.B.5 das FEC respecto dos criterios avaliábeis mediante fórmula relativos á maior experiencia do/a médico especialista en Medicina do Traballo, do/a DUE de Empresa especialista en Enfermería do Traballo e do/a Médico o seguinte: *“Este criterio deberá acreditarse mediante contratos laborais e vida laboral do/a (...) a adscribir ao contrato. En caso de non achegarse a documentación esixida outorgaranse 0 puntos.”*

Un contrato de traballo é un acordo entre empresario/a e a persoa traballadora mediante o que esta se obriga a prestar determinados servizos por conta do/a empresario/a e baixo a súa dirección, a cambio dunha retribución.

A vida laboral acredita as situacións de alta e baixa nos diferentes réximes da Seguridade Social así como o número de datas que unha persoa estivo en situación de alta, especificando os períodos de alta e baixa coa/s empresa/s na/s que prestou os seus servizos.

O contrato de traballo entre outros datos, identifica á persoa contratada, especifica o posto de traballo e a categoría profesional, a data de inicio da relación contractual e determina a súa duración que pode ser por tempo determinado ou por tempo indefinido. No caso de ser indefinido, un contrato de traballo non resulta probatorio “per se” do desenvolvemento das funcións para as que se contratou á persoa dende a data de sinatura do contrato ate a data para a que se queira demostrar a experiencia laboral, resulta indispensable, cotexar o contrato de traballo co informe de vida laboral da persoa para comprobar que esa relación non foi interrompida e/ou que non se produciu alteración algunha nas condicións da contratación.



Concello de Vigo

Por ese motivo no PCAP se require que a experiencia se acredite **mediante contrato/s de traballo e vida laboral** e se comprobán os datos recollidos tanto no/s contrato/s de traballo presentado/s como no informe de vida laboral.

QUIRON PREVENCIÓN, S.L.U. presentou na súa oferta a seguinte documentación:

ESPECIALISTA EN MEDICINA DO TRABALLO

“Experiencia profesional como especialista en Medicina do Traballo da persoa a adscribir ao contrato superior á esixida no apartado II.2 do PPT (5 anos).

Experiencia laboral acreditada mediante contrato de traballo e vida laboral:

- Certificado de tempo traballado expedido por Dna. María González Zotes, representante legal de QUIRONPREVENCIÓN, S.L. de data 14/11/2022 no que se certifica unha antigüidade recoñecida dende o 01/08/2001 ate a actualidade.
- Xustificante de alta en nómina de data 01/08/2001.
- Contrato de traballo de data 01/08/2001 coa razón social FRATERNIDAD MUPRESA .
- TA2 documento de alta na SS.SS na empresa FRATERNIDAD-MUPRESA M.A.T.E.P.S.S. N275 con data de efecto 01/08/2001.

Informe de vida laboral expedido pola TGSS de data 10 de novembro de 2022 especificando data de alta coa razón social QUIRONPREVENCIÓN, S.L. o 01/10/2017 ate o 30/09/2018 e dende o 01/10/2018 ate a data de emisión do informe (non figura data de baixa).

FRATERPREVENCIÓN S.L. (antiga SOCIEDAD PARA EL FOMENTO DE LA SALUD Y LA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES, S.L. e SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD-MUPRESA S.L.) extinguiuse o 13/11/2017 por fusión/absorción¹.

A estos efectos e conforme os datos que figuran facilitados pola SS.SS a experiencia computable é a seguinte:

- **FRATERNIDAD MUPRESA:** Dende o 01/10/2017 ate a actualidade². **TOTAL DÍAS: 1867 días. TOTAL ANOS: 5 anos, 1 mes e 10 días.**

1 Los Socios Únicos de UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD SOCIEDAD DE PREVENCIÓN SL (Sociedad Absorbente), ENTIDAD AUDITORA DE RIESGOS LABORALES SLU, UNIPRESALUD SERVICIOS SLU, UNIPRESALUD CONSULTORIA SLU, MC SPA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN SLU, PREMAP SEGURIDAD Y SALUD SLU, INSTITUTO DE ERGONOMÍA SLU, IDCQ PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES SLU y FRATERPREVENCIÓN SLU (Sociedades Absorbidas), han aprobado el día 30/06/2017, la fusión por absorción de las citadas sociedades. El grupo sanitario QUIRÓN SALUD ha lanzado la sociedad Quirónprevención, su nueva empresa de prevención de riesgos laborales resultante de la integración de las cuatro sociedades que la compañía tenía en este negocio: PREMAP, FRATERPREVENCIÓN, UNIPRESALUD y MC PREVENCIÓN. Con fecha 11/09/2017, la sociedad cambia su denominación social a **QUIRON PREVENCIÓN, SOCIEDAD LIMITADA. BORME** Anuncio nº 376146 de 2017 Datos registrales: T 36077 , F 65, S 8, H M 648249, I/A 4. <https://librebor.me/borme/empresa/quiron-prevencion/>

2 Actualmente QUIRONPREVENCIÓN, S.L. Utilízase a efectos de cómputo a data da consulta na TGSS aportada: 10/11/2022.

- *Experiencia mínima solicitada 5 anos. **Experiencia adicional a computar: 1 mes e 10 días.***
- **Total puntuación: 5 puntos. “**

DUE DE EMPRESA

“Experiencia profesional como especialista en enfermería do traballo do/a DUE de empresa a adscribir ao contrato superior á esixida no apartado II.2 do PPT. (5 anos).

Experiencia laboral acreditada segundo documentación aportada:

- *Certificado de tempo traballado expedido por Dna. María González Zotes, representante legal de QUIRON PREVENCIÓN, S.L. de data 14/11/2022 no que se certifica unha antigüidade recoñecida dende o 29/03/2006 ate a actualidade.*
- *Conversión de contrato de traballo temporal a tempo parcial (de data 29/03/2006, rexistrado no Servizo Público de Empleo o 05/04/2006 coa referencia 073496) en contrato indefinido a tempo parcial de data 27/03/2009 coa razón social SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP, S.L.U. de 35 h/ semanais.*

Informe de vida laboral expedito pola TGSS de data 10 de novembro de 2022 especificando data de alta coa razón social QUIRON PREVENCIÓN, S.L. o 01/10/2017.

A Ley 35/2014, de 26 de diciembre, por la que se modifica el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social en relación con el régimen jurídico de las Mutuas de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridad Social, establece que as Mutuas dispoñen de prazo ate o 31/03/2015 para vender o 100% da súa participación nas sociedades mercantiles de prevención constituídas polas mutuas. Para dar cumprimento a esta obriga, FREMAP procede á venda da totalidade das participacións do Patrimonio Histórico da Mutua en “PREMAP Seguridad y Salud, S.L.U.”.

A estos efectos e conforme os datos que figuran facilitados pola SS.SS a experiencia computable é a seguinte:

- *SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.: Dende o 29/03/2006 ate a actualidade¹. TOTAL DÍAS: 327+573+157+388+21+17+174+55= 1512 días². TOTAL ANOS: **4 anos, 1 mes, e 20 días.***
- *Experiencia mínima solicitada 5 anos. **Experiencia adicional a computar: 0 anos.***
- **Total puntuación: 0 puntos.”**

MÉDICO/A

1 Actualmente QUIRONPREVENCIÓN, S.L. Utilízase a efectos de cómputo os datos que figuran na vida laboral aportada na data da consulta na TGSS: 10/11/2022.

2 A pesar de que existen dous períodos de excedencia na vida laboral presentada, **a TGSS os ten en conta como días cotizados.**



Concello de Vigo

“Experiencia profesional como médico/a do médico adscrito/a ao contrato superior á esixida no apartado II.2 do PPT. (6 meses).

Experiencia laboral acreditada segundo documentación aportada:

- *Certificado de tempo traballado expedido por Dña. María González Zotes, representante legal de QUIRONPREVENCIÓN, S.L. de data 14/11/2022 no que se certifica unha antigüidade recoñecida dende o 06/07/99 ate a actualidade.*
- *Contrato indefinido de data 06/07/1999 coa razón social MUTUA UNIVERSAL-MUGENAT Mateps n.º 10.*
- *Documento informativo mediante o que MUTUA UNIVERSAL - MUGENAT Mateps n.º 10 a informa que “con efectos del próximo día 1 de junio de 2006 pasará Vd. a depender laboralmente de la Empresa UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.”*

*Informe de vida laboral expedito pola TGSS de data 10 de novembro de 2022 especificando data de alta coa razón social QUIRONPREVENCIÓN, S.L. o **01/06/2006**, ate a data de emisión do informe (non figura data de baixa). A data de antigüidade a computar non pode ser a de 06/07/1999, que figura no contrato de traballo aportado, senón a data que figura na vida laboral presentada.¹*

A estos efectos e conforme os datos que figuran facilitados pola SS.SS a experiencia computable é a seguinte:

- *MUTUA UNIVERSAL-MUGENAT Mateps n.º 10: Dende o 06/07/1999 ate a actualidade². TOTAL DÍAS: 5791 días. TOTAL ANOS: 15 anos, 10 meses, e 8 días.*
- *Experiencia mínima solicitada 6 meses. **Experiencia adicional a computar: 15 anos, 4 meses e 8 días.***
- ***Total puntuación: 10 puntos.”***

As valoracións realizadas respecto da experiencia profesional se realizaron conforme á literalidade do PCAP e tendo en conta a documentación presentada polo licitador para xustificar a oferta presentada dentro do prazo de presentación de ofertas, conforme ao esixido no PCAP”.

Ao fío do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación da presente alegación do escrito de recurso.

1 Los Socios Únicos de UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD SOCIEDAD DE PREVENCIÓN SL (Sociedad Absorbente), ENTIDAD AUDITORA DE RIESGOS LABORALES SLU, UNIPRESALUD SERVICIOS SLU, UNIPRESALUD CONSULTORIA SLU, MC SPA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN SLU, PREMAP SEGURIDAD Y SALUD SLU, INSTITUTO DE ERGONOMIA SLU, IDCQ PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES SLU y FRATERPREVENCIÓN SLU (Sociedades Absorbidas), han aprobado el día 30/06/2017, la fusión por absorción de las citadas sociedades. El grupo sanitario QUIRÓNSALUD ha lanzado la sociedad **Quirónprevención**, su nueva empresa de prevención de riesgos laborales resultante de la integración de las cuatro sociedades que la compañía tenía en este negocio: PREMAP, FRATERPREVENCIÓN, UNIPRESALUD y MC PREVENCIÓN. Con fecha 11/09/2017, la sociedad cambia su denominación social a **QUIRON PREVENCIÓN, SOCIEDAD LIMITADA. BORME** Anuncio nº 376146 de 2017 Datos registrales: T 36077 , F 65, S 8, H M 648249, I/A 4. <https://librebor.me/borme/empresa/quiron-prevencion/>

2 Actualmente QUIRONPREVENCIÓN, S.L. Utilízase a efectos de cómputo os datos que figuran na data da consulta na TGSS aportada: 10/11/2022. Do 01/06/2006 ate a data da consulta na TGSS son un total de 5791 días (segundo consta no informe da TGSS)

2.- Falta de solicitud de aclaracións ás ofertas

Manifesta o licitador que *“de manera subsidiaria y para el hipotético caso de que nos se acoja el fundamento precedente que, si de la documentación presentada por QUIRÓN PREVENCIÓN, se albergaban dudas con respecto de las fechas de inicio del cómputo de la experiencia profesional, al contrastar los datos de los contratos laborales con la vida laboral, debería haber solicitado aclaraciones, a los efectos de no incurrir en una valoración errónea o arbitraria y dejar a salvo los principios de igualdad y de concurrencia, tal y como contemplan y respaldan la jurisprudencia y la doctrina, toda vez que a la vista de las circunstancias, es razonable, suponer que QUIRÓN PREVENCIÓN podría ofrecer una aclaración sin variar su oferta, que, a su vez, permitiera que el órgano de contratación hiciera una valoración de la oferta ajustada a los pliegos. En este sentido, tomar la iniciativa de requerir aclaraciones suplementarias puede resultar esencial, en aras de la seguridad jurídica y para asegurar, con precisión, el contenido de la oferta y, en particular, la conformidad de esta con los requisitos establecidos en el pliego. Proceder de esta forma garantiza los principios generales de antiformalismo de la contratación pública, la libre concurrencia y la buena administración con el objetivo de elegir la oferta más ventajosa para los intereses públicos”*. E citan en apoio da súa tese a Resolución 260/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía.

O que solicita o licitador non é unha aclaración, senón a achega de nova documentación. Para acreditar máis experiencia laboral dos seus medios persoais o licitador necesitaría solicitar unha nova vida laboral, é dicir, que achegaría nova documentación. Esta circunstancia conculcaría os principios que rexen a contratación pública, en especial, os de non discriminación e igualdade de trato aos licitadores. Ilo favorecería ao licitador que non foi dilixente e achegou unha vida laboral incompleta.

Informa ao respecto o servizo xestor o seguinte:

“Non existiu en ningún momento por parte do persoal técnico do SPPRL-CV a necesidade de solicitude de aclaración ou de corrección material aos licitadores (nin a QUIRON PREVENCIÓN, S.L.U. nin a ningún outro licitador) de ningún dato respecto da documentación presentada no sobre C, que resultou nalgúns casos insuficiente - por falta de dilixencia imputable ao licitador correspondente - para acreditar a experiencia profesional proposta a valorar, segundo o recollido no PCAP.

QUIRON PREVENCIÓN, S.L.U. pretende presentar nova documentación diferente á presentada dentro do prazo de presentación de ofertas o que suporía unha modificación do contido da oferta presentada e conculcaría os principios de non discriminación e de igualdade de trato consagrados na LCSP.

Os criterios utilizados polo persoal técnico do SPPRL-CV encargado de realizar a valoración do sobre C, respectaron en todo momento o recollido no PCAP e foron estritamente iguais para a valoración de tódalas ofertas presentadas polas distintas empresas licitadoras”.

A vista do exposto, procede propoñer ao Tribunal a desestimación desta alegación.



Concello de Vigo

Conclusionés

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(119).-DOAZÓN DA ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO O CONCELLO DE VIGO DO LIBRO DE FEDERICO GARCÍA LORCA “PRIMER ROMANCERO GITANO 1924-1927”. REVISTA DE OCCIDENTE. MADRID 1929. SEGUNDA EDICIÓN. EXPTE. 1706/110.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/2022, asinado polo secretario xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

CC. Código Civil.

Antecedentes.

I. En data XX.09.2022 D. Iago Lago Puga, bibliotecario da “Asociación Centro Recreativo Artístico Cultural de Coruxo”, atopou na biblioteca do Centro o libro de Federico García Lorca “Primer Romancero Gitano 1924-1927”. Revista de Occidente. Madrid 1929. Segunda edición. Contén na primeira páxina unha dedicatoria a plumilla con tinta negra do seguinte contido, *“Para los alumnos de Literatura del Instituto de Vigo. Homenaje de Federico García Lorca”*.

A dedicatoria non ostenta data. García Lorca, o fronte do grupo teatral ambulante “La Barraca” da Federación Universitaria de Estudiantes, visitou Vigo o 25 de agosto de 1932 o fin de representar no parque de “Las Cabañas” (Peniche) tres entremeses de Cervantes. É de imaxinar que a entrega do libro os alumnos tivo lugar naquela data. A familia de Federico García Lorca ten ratificado a autenticidade da grafía do escritor na dedicatoria.

O libro ten 150 páxinas nun formato de 14,5 x 20,5 cms, carece das cubertas orixinais de cartulina con solapas de tres lados substituídas por un forro de cor negro, non obstante conserva exenta a metade da cuberta da portada; ostenta puntos de humidade nas distintas páxinas sendo o seu estado de conservación bó.

Dada a relevancia do escritor, dada a importancia do título e dada a súa dedicatoria, o libro ostenta un evidente interese histórico e bibliofilio polo que a Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo acordou a súa doazón o Concello de Vigo.

II. En data 16.09.2022 o concelleiro delegado de Cultura dita Resolución instando da Secretaría xeral do Pleno a instrumentación da doazón; en cumprimento de tal encomenda emítese o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

A doazón de cosa moble pode facerse verbalmente ou por escrito. A doazón verbal require a entrega simultánea da cosa doada, faltando este requisito, non xurde efecto se non se fai por escrito e consta na mesma forma a aceptación, artigo 632 CC.

O libro foi entregado ao Concello o 7.09.2022; a doazón atópase perfeccionada.

É propósito do Concello de Vigo asumir por vontade propia distintos compromisos (exposición do libro en vitrina e confección de facsímil para a súa entrega á Asociación); resulta conveniente que o Concello, na súa calidade de donatario, acepte a doazón mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local -órgano competente-, facultando o alcalde para a formalización do documento administrativo.

Procede que o órgano citado, previo informe da Intervención xeral, adopte a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO. Ratificar a aceptación da doazón realizada pola “Asociación Centro Recreativo Artístico Cultural de Coruxo” do libro de Federico García Lorca “Primer Romancero Gitano 1924-1927”. Revista de Occidente. Madrid 1929. Segunda edición. Contén dedicatoria manuscrita do autor aos alumnos de Literatura do Instituto de Vigo.

SEGUNDO. Facultar o alcalde para a sinatura do documento formalizador da doazón segundo Anexo a este acordo.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á “Asociación Centro Recreativo Artístico Cultural de Coruxo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

Na Casa Consistorial do Concello de Vigo a XX de XXXXXXX do ano 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Eduardo Pérez Valverde, maior de idade, con DNI nº 35973375 H domiciliado en Vigo.

Doutra, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Eduardo Pérez Valverde en nome e representación dada Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo con domicilio social en Coruxo-Vigo, Estrada de Camposancos n.º 236 36213 Vigo. Nº de Asociación: 1982-00001065-1 CIF G36627495

D. Abel Caballero Álvarez na representación legal que ostenta facultado para este acto pola Xunta de Goberno Local segundo acordo de data XX.XX.2022; asístelle no asesoramento xurídico, D. José Riesgo Boluda, secretario xeral do Pleno.

EXPOÑEN

I. En data XX.09.2022 D. Iago Lago Puga, bibliotecario da “Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo”, atopou na biblioteca do Centro o libro de Federico García Lorca “Primer Romancero Gitano 1924-1927”. Revista de Occidente. Madrid 1929. Segunda edición. Contén na primeira páxina unha dedicatoria a plumilla con tinta negra do seguinte contido, *“Para los alumnos de Literatura del Instituto de Vigo. Homenaje de Federico García Lorca”*

II. A dedicatoria non ostenta data. García Lorca, o fronte do grupo teatral ambulante “La Barraca” da Federación Universitaria de Estudiantes, visitou Vigo o 25 de agosto de 1932 o fin de representar no parque de “Las Cabañas” (Peniche) tres entremeses de Cervantes. É de imaxinar que a entrega do libro os alumnos tivo lugar naquela data. A familia de Federico García Lorca ten ratificado a autenticidade da grafía do escritor na dedicatoria.

O libro ten 150 páxinas nun formato de 14,5 x 20,5 cms, carece das cubertas orixinais de cartulina con solapas de tres lados substituídas por un forro de cor negro, non obstante conserva exenta a metade da cuberta da portada; ostenta puntos de humidade nas distintas páxinas sendo o seu estado de conservación bó.

III. Dada a relevancia do escritor, dada a importancia do título e dada a súa dedicatoria, o libro ostenta un evidente interés histórico e bibliofilio polo que a Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo acordou a súa doazón o Concello de Vigo e procedeu a súa entrega en data 12.09.2022.

IV. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, mediante acordo de data XX.-XX.2022, aceptou expresamente a doazón ofertada sendo notificada a Asociación donante de tal acordo en data XX.XX.2022.

V. É vontade de ambas partes na representación que ostentan a formalización documental da doazón realizada; a tal efecto se recoñecen a capacidade de legal necesaria e subscriben o presente documento con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. A Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo entrega e dona o Excmo. Concello de Vigo, que acepta, o libro de Federico García Lorca “*Primer Romancero Gitano 1924-1927*”. Revista de Occidente. Madrid 1929. Segunda edición.

SEGUNDA. O Concello de Vigo agradece expresamente á Asociación a doazón e, consente da súa importancia, comprométese a posta en valor do libro mediante a súa exhibición nunha vitrina nun lugar axeitado para a satisfacción da cidadanía.

TERCEIRA. O Concello de Vigo comprométese a entregar no prazo mais breve posible á Asociación Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo unha reprodución facsimil do libro doado.

CUARTA. Para as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse da interpretación e aplicación do presente documento ambas partes sométense expresamente á xurisdición civil dos Xulgados e Tribunais da Cidade de Vigo.

E, en proba de conformidade as partes asinan o presente documento en triplicado exemplar no lugar e data indicados.



Concello de Vigo

9(120).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA OS BENS MOBLES E INMOBLES DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21088/240.

Visto o informe xurídico do 23/01/2023 e o informe de fiscalización do 13/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concelleiro Delegado de Patrimonio, en data 13 de outubro de 2022, resolveu iniciar os trámites administrativos para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo.

Segundo.- En virtude do resolto, emitiuse por esta xefatura de servizo, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de todo risco que cubra os danos materiais nos bens do Concello e, así mesmo, redactouse o 16 de decembro do 2022 o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica e a xustificativa asinadas, respectivamente, nas datas 21/10/2022 e 16/12/2022.

O 21 de decembro do 2022 emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo o 19 de xaneiro do 2023 á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación dunha póliza de todo risco de danos

materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo, por procedemento aberto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato(artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano



Concello de Vigo

de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 16.12.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

2023	200.000,00 €
2024	200.000,00 €
TOTAL	400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(121).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ONCE PARA A SUBSTITUCIÓN DO MODELO DOS QUIOSCOS Nº 3, 9, 16 E 24. EXPTE. 19648/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2023, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LR-BRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

L 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. (LCSP)

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A ONCE mediante escritos que tiveron entrada no Rexistro Xeral o 29 de setembro do 2022 e o 28 de outubro do mesmo ano, solicita autorización para a substitución de catro quioscos na Avda. Castrelos 2, Rúa Urzáiz 96, Praza María do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente 3 e Praza Independencia 5, polo novo modelo de quiosco consonte ao documento técnico achegado con cada un deles, mellorando sensiblemente os do modelo anterior e aumentando a seguridade e comodidade dos vendedores da ONCE no seu posto de traballo.

SEGUNDO.- Polo servizo de mobilidade e seguridade emitiuse informe o pasado día 16 de novembro do 2022 sinalando que *“solicitado informe sobre o cambio de modelo de quiosco da ONCE situado na Praza de Independencia non hai inconveniente no cambio solicitado.”* e, igualmente, informou o 30 de novembro do mesmo ano que *“Solicitado informe para o cambio de modelo de quiosco da ONCE nas rúas Jenaro de la Fuente 3, Urzaiz 96 e Av Castrelos 2, non vemos inconveniente por non ter unha maior ocupación da existente actualmente.”*

TERCEIRO.- No presente suposto, o solicitado pola concesionaria supón una modificación da concesión administrativa que foille outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5.12.2014, respecto ao modelo dos quioscos cuxa instalación autoriza e que constan referenciados na clausula III do prego de clausulas administrativas e técnicas, vendose afectada dita relación no que atinxe aos seguintes modelos de quioscos a teor do solicitado pola concesionaria:
Clausula III: ZONA DE EMPLAZAMENTO E MODELO DOS QUIOSCOS.

QUIOSCOS DA ONCE EN VIGO	
Nº	ENDEREZO
	MODELO



Concello de Vigo

3	Praza Maria do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente	MANZANARES/C
9	C/ Urzaiz 96	MANZANARES/C
1	Plaza de Independencia, 5	BILBAO/CT
24	Avd. Castrelos. Avda Fragoso	ARAGÓN

CUARTO.- Dacordo coas facultades que no Prego de clausulas administrativas e técnicas pola que se rixe a concesión recoñecese á concesionaria, establececese na clausula X, apartado B punto 2 a de *“Cambiar o modelo do quiosco, previa autorización do Concello”*.

Neste senso, e atendendo ó informe do servizo municipal de seguridade e mobilidade consonte non existe inconveniente no cambio de modelo de ditos quioscos, procede acceder ó interesado pola concesionaria e conseguintemente modificar o modelo dos quioscos nº 3, 9, 16 e 24 relacionados na clausula III do prego de condicións polo novo modelo previsto nos documentos técnicos achegados pola concesionaria coa súa solicitudes de data 29 de setembro e 28 de outubro do 2022.

QUINTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 11º da Lei de Contratos do Sector Público .

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Autorizar a la ONCE ao cambio do modelo dos quioscos sitos na Avda. Castrelos 2, Rua Urzáiz 96, Praza María do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente 3 e Praza Independencia 5 consonte ao novo modelo previsto nos documentos técnicos achegados coa súa solicitudes de data 29 de setembro e 28 de outubro do 2022, resultando modificada nesos termos a Clausula III do Prego de Condicións administrativas e técnicas que rixe a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos para a venda de produtos de xogo, autorizada pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2014, e mantendose no demais as condicións nos que foi otorgada dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Previamente á realización dos traballos de substitución do modelo, a concesionaria deberá comunicar á Concellería de Seguridade e Tráfico a data de inicio destes para a súa supervisión e sinalamento do lugar exacto de instalación, dispoñendo dun prazo de 15 días para a execución dos mesmos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras, e Seguridade e Tráfico.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(122).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE. EXPTE. 1510/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2023, asinado polo enxeíro de camiños, canais e portos, o técnico de Administración Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 1 de decembro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA”**. O devandito informe indica o seguinte:

“A rúa Ceboleira atópase situada na parroquia de Lavadores. Esta vía constitúe o primeiro treito da estrada EP-2001 Calvario - A Garrida, que partindo do casco urbano vertebrada boa parte das parroquias do sur do Concello.



Concello de Vigo

Nos últimos tempos véñense producindo reiterados problemas no abastecemento de auga nesta rúa e a súa contorna (Ceboleira Interior, Camiño Vilaboa, rúa das Milladas) e son consecuencia das roturas das tubaxes de fibrocemento que configuran a rede nestas rúas. As tubaxes desta rúa superaron a súa vida útil polo que resulta necesario estudar e valorar a súa substitución, para evitar interrupcións do servizo, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma perdas de auga non rexistradas.

Así mesmo, e de cara a minimizar novas afeccións con posterioridade á renovación do abastecemento, considérase necesario avaliar o estado da rede de saneamento nas citadas rúas, e renovar aqueles treitos nos que o seu estado actual faga necesaria a súa substitución.

V.- A vista deste informe, con data 2 de decembro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA”**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(123).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DR. CADAVAL”. EXPTE. 5890/443.

Visto o informe de fiscalización do 16/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2023, asinado pola técnica de Xestioñ, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 27.05.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa GOC.S.A.

II.- A empresa GOC. S.A. presenta trala fase de supervisión, proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Buen, , cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E TRES MIL SEISCENTOS SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (73.606,02 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 29.12.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar en toda a lonxitude do vial de propiedade municipal, concretamente entre a confluencia da Porta do Sol e a rúa Progreso. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das pataloxías do firme detectadas, esta actuación esta dividida en tramos segundo os ensaios previos realizados, así:

TRAMO I. RÚA PROGRESO A LOPE DE NEIRA

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC22 SURF B 50/70 D (7 cms), implantación dunha geomalla de fibra de vidro, incluíndo reparación de subase de formigón en masa tipo HM20 dende os 9 cms, cos respectivos regos de adherencia.
- Tratamento final de pulido da capa de rodadura de misturas betuminosas.

TRAMO II. DE LOPE DE NEIRA A PORTA DO SOL

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
- Reposición do firme da calzada mediante mediante HF 4.5 de 20 cms de espesor.
- No caso das bandas de pedra emprego formigón HF 4.5 coloreado.

- Adecuación dos sistemas de drenaxe, rexistros, etc..
- Reposición da rígola existente a beira do bordo en formigón en masa tipo HM 20
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.



Concello de Vigo

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 10.02.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca zona de solo urbano consolidado. Non é preciso autorizacións sectoriais por afección a outros dominios ou autorizacións medioambientais.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA DR CADAVAL**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Buen, , cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E TRES MIL SEISCENTOS SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (73.606,02 €) e data novembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(124).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA” E DOS SEUS CUSTES ASOCIADOS. EXPTE. 1033/441.

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.



Concello de Vigo

III.- Con data 13 de setembro de 2021 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA”**; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de setembro de 2021, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2021 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA”**.

IV.- Con data 11 de novembro de 2022, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o “RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (164.178,26 €) e un orzamento de CENTO TRINTA E CINCO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA E UN CÉNTIMOS (135.684,51 €) IVE excluído e asinado dixitalmente en Outubro do 2022.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Esinpro	2.280,41 €
Asistencia técnica á D.O.	Esinpro	2.280,41 €
Coordinación de seguridade e saúde	Luis Piñeiro Iglesias (CSM)	570,10 €
	SUMA	5.130,93 €
	11% Gastos de Xestión	564,40 €
	TOTAL (IVE excluído)	5.695,33 €

VI.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Juan Manuel Sánchez e a Técnica Media de Obras Públicas, D^a María Francisca Arlandis Marra, con data 28 de novembro de 2022, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 28 de novembro de 2022 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal, emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual. Informando igualmente que existe un erro na táboa presentada pola empresa concesionaria ao sumar os importes parciais dos custes asociados, sendo os importes correctos:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Esinpro	2.280,41 €
Asistencia técnica á D.O.	Esinpro	2.280,41 €
Coordinación de seguridade e saúde	Luis Piñeiro Iglesias (CSM)	570,10 €
	SUMA	5.130,92 €
	11% Gastos de Xestión	564,40 €
	TOTAL (IVE excluído)	5.695,32 €

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Inversións da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Concello de Vigo

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (164.178,26 €) e un orzamento de CENTO TRINTA E CINCO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA E UN CÉNTIMOS (135.684,51 €) IVE excluído e asinado dixitalmente en Outubro do 2022.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ESTRADA**”, por un importe de 5.695,32 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Esinpro	2.280,41 €
Asistencia técnica á D.O.	Esinpro	2.280,41 €
Coordinación de seguridade e saúde	Luis Piñeiro Iglesias (CSM)	570,10 €
	SUMA	5.130,92 €
	11% Gastos de Xestión	564,40 €
	TOTAL (IVE excluído)	5.695,32 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D^a Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditir e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(125).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA

ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 1326/441.

Visto o informe de fiscalización de data 16/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 152.620,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.11 (Vigo Vertical, 2º actuación de Vigo_Aragón), segundo a seguinte distribución de anualidades:



Concello de Vigo

2022	45.861,10 €
2023	833.521,25 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441. O mesmo foi asinado dixitalmente por ambas institucións en datas 22 e 25 de outubro de 2021.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.817,49%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo” (1326-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,14
2	UTE CIVISGLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.	92,23
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B36746584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 30 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 9 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 16 de xaneiro e 24 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo” (1.326-441) por un importe total de 870.588,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 151.093,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun “Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(126).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E XESTIÓN DO EXOTARIUM E NOCTURAMA DE VIGOZOO”. EXPTE. 11880/612.

Visto o informe xurídico de data 10/02/2023 e o informe de fiscalización do 13/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/01/2023, asinado polo director de Réxime Interior-Zoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 30 de decembro de 2020, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de mantemento e xestión do exotarium e nocturama de Vigozoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 5 de marzo de 2021, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo *“Adxudicar a D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612) coas seguintes condicións por un prezo total de 116.765,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.265,00 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Con data de 31 de marzo de 2021 a empresa adxudicataria asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de dous anos, e o inicio dende o 1 de abril de 2021. Contemplándose unha prórroga de dous anos de duración.

2.- Fundamentos de dereito:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas na cláusula 7. Prazo de execución, punto 3), recóllese que “ Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla unha prórroga de dous anos d duración.

A empresa que presta o servizo, *DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*)*, non presentou documento de oposición á prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas, sendo notificado coa intención de proceder á prórroga do contrato o día 18/01/2023, con máis de dous meses de antelación tal como recolle a cláusula 7.3 do PCAG.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo *DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*)*, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 58.382,50 euros lve engadido.

4.1 Prezo para o período da prórroga.



Concello de Vigo

Atendendo a que a prórroga é por dous anos de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes:

- 43.786,87 euros para o ano 2023.
- 58.382,50 euros para o 2024.
- 14.595,63 euros para o 2025.

5.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.99.01 “Servizo de Reptilario”.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de marzo, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a prórroga do contrato do servizo de mantemento e xestión do exotarium e nocturama de Vigozoo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. “ En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato de mantemento e xestión do exotarium e nocturama de Vigozoo, polo período de dous anos dende o 01 de abril de 2023 ata 31 de marzo do 2025, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa “ *DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*)*, sendo o importe total do período da prórroga de 116.765,00 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Aprobar a prórroga de dous anos de duración do contrato para a prestación do servizo de mantemento e xestión do exotarium e nocturama de Vigozoo, á adxudicataria “ *DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*)*”, por acordo da XGL de 05/03/2021, dende o 01 de abril de 2023 ata 31 de marzo do 2025,

O importe total do período da prórroga, 2 anos, de 116.765,00 euros con IVE, dende o 01 de abril de 2023 ata 31 de marzo do 2025,, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.99.01 “Servizo de Reptilario”, cos seguintes importes: 43.786,87 euros para o ano 2023, 58.382,50 euros para o 2024 e 14.595,63 euros para o 2025.

Segundo: Notificar o presente acordo de prórroga á empresa “ *DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*)*” nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego. Expte. 29247/332.
- .- Actualización estrutura salarial do persoal traballador beneficiario e técnicos xestores do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan de Emprego para o ano 2023. Expte. 19925/77.
- .- Aprobación da memoria de obras de interese social a presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, para o exercicio do ano 2023. Expte. 19917/77.
- .- Expediente de contratación do servizo de gravación, retransmisión en TELEVIGO dos actos institucionais Concello de Vigo. Expte. 19450/101.



Concello de Vigo

- Proposta de nomeamento de funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de policía local incluídas na OEP 2017, 2018, 2019. Expte. 41736/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(127).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NO ANO 2023 NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. Expte. 29247/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 20/02/2023 e o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de xaneiro de 2023, o concelleiro delegado de Educación resolveu “Iniciar o expediente administrativo para a contratación da adquisición do material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar durante o ano 2023 nos colexios de Educación Infantil e Primaria polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 09/01/2023.
- Resolución do concelleiro de Educación de 09/01/2023, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo Servizo de Educación o 11/01/2023, conformada polo concelleiro de Educación en data 11/01/2023 e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda en data 02/02/2023.
- Documentos económicos de certificados de créditos (RC 202300006256 e 202300006257), de 20/01/2023.

- Declaración dos redactores do Prego técnico, do 25/01/2023.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 06/02/2023 e anexo, redactados polo Servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 03/02/2023, redactada polo Servizo de Educación.
- Informe de data 08/02/2023 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/02/2023, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A adquisición de material e o aluguer de maquinaria para a realización de obras de mantemento e conservación nos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Concellería de Educación durante o ano 2023 polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego, relacionados no anexo ao PPT, así como os materiais requiridos polo Concello de Vigo que non figuren nese anexo, sempre que se atopen dentro das familias sinaladas nos lotes, e ata un máximo do 10% do prezo do contrato.

Duración: Un (1) ano; non se contemplan prórrogas.

Prezo: O prezo do contrato estímase en 166.074,61 euros (137.251,74 euros máis 28.822,87 euros en concepto de IVE a soportar pola administración).

Lotes: 6 (seis).

División por lotes do prezo do contrato:

Lotes	Importe sen IVE	IVE	Prezo total
Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros	19.021,28	3.994,47	23.015,75
Lote 2: Materiais para útiles e consumibles	2.571,21	541,21	3.118,42
Lote 3: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios	41.172,53	8.646,23	49.818,76
Lote 4: Materiais para carpintería de madeira	66.173,36	13.896,41	80.069,77
Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio	3.963,31	832,30	4.795,61
Lote 6: Aluguer de maquinaria	4.344,05	912,25	5.256,30
Total	137.251,74	28.822,87	166.074,61

Aplicacións orzamentarias: 3230.212.0000 "Reparacións e mantemento edificios dos colexios" (lotes 1, 2, 3, 4 e 5) e 3230.203.0000 "Aluguer de maquinaria" (lote 6).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano de 2023 nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 06/02/2023, redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16/02/2023, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 166.074,61 euros IVE incluído, para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego, por procedemento aberto, con cargo á aplicacións orzamentarias 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios) e 3230.203.0000 (Aluguer de maquinaria) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 137.251,74 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(128).- ACTUALIZACIÓN ESTRUCTURA SALARIAL DO PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO E TÉCNICOS XESTORES DO ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2023. Expte. 19925/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local e polo concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualízanse en función do IPC previsto para cada ano.*

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as e técnicos-xestores, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Expdte.**18014/77**), dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 61 do 31 de marzo de 2021, en aplicación do incremento do 0,9% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego en virtude da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.*s mesmos*.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1º a Contía do SMI (que queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses), aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021 a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007’” (Expdte. **19925-77**), prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos dende o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Actualización

No BOE nº 257, de 26 de outubro de 2022, publícase a “Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución ala reducción del consumo de gas natural en aplicación del “Plan + seguridad para tu energía (+SE)”, así como medidas en materia de



Concello de Vigo

retribucións do personal al servizo do sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.”, na Instrucción I ‘Instrucciones comunes’ indícase que a nómina do mes de novembro de 2022 e as posteriores abonaranse incluíndo o incremento adicional do 1,5 por cento. Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e calcularase sobre as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2021.

No BOE nº 308, de 24 de decembro de 2022, publícase a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de “Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.” no Título III destaa Lei de Orzamentos Xerais do Estado rubrícase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos. No Capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos do persoal coa previsión xeral de que no ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público terán un incremento do 3,5 por cento coa seguinte desagregación:

- a) 2,5 por cento de incremento fixo e
- b) dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha. A primeira vinculada ao Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado (IPCA) e a segunda ao Produto Interior Bruto (PIB) nominal.

Polo que, neste caso, procede o incremento salarial dun 2,5% respecto das retribucións ao 31 de decembro de 2022.

No BOE núm. 39 do 15/02/2023, publícase o Real Decreto 99/2023, de 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2023, que establece no seu Art. 1 a contía do SMI, dispoñendo, que no ano 2023, o salario mínimo para calesquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 36 euros/día ou 1.080 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses.

Tendo en conta estas tres disposicións, e en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2023, resulta de aplicación con efectos dende o 01/01/2023 a **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego** que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego - persoal alumnado-traballador nos programas “**VIGO CAPACITA VIII**”, programa de **COOPERACIÓN-RISGA “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo II”** e “**Plan Municipal de Emprego 2022**”, na categoría de persoal traballador beneficiario segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, así como para a categoría de **Técnicos e xestores**, que actualmente están contratados no Obradoiro de Emprego en funcionamento “**Vigo Capacita VIII**” nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

Debido a que aínda non se procedera ás subidas salariais descritas nas tres disposicións antes mencionadas procede o pago das cantidades correspondentes derivadas destas subas por importe de **29.242,80 €**, que se imputará con cargo ás partidas relacionadas a continuación:

- **“REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO II”**:

- **6.060,04 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO".

- **00,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO". Nesta partida non procede importe atrasos por non superar cos aumentos salariais as bases mínimas de cotización por continxencias comúns por horas aplicables aos contratos de traballo a tempo parcial.

- **OE "VIGO CAPACITA VIII":**

- **7.678,63 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310012 GASTOS DE PERSOAL "VIGO CAPACITA VIII"

- **749,40 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600012 "SEGURIDADE SOCIAL "VIGO CAPACITA VIII".

- **PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022:**

- **10.383,45 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 DUSI OT9, LA17, INSERCIÓN LABORAL

- **4.371,28 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 DUSI OT9, LA17, S.S. INSERCIÓN LABORAL

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego (RA de delegación de competencias do 06/09/2022), nos termos das delegacións competenciais efectuadas Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8 de setembro de 2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións do persoal traballador beneficiario, incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da "Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y



Concello de Vigo

Gastos, por la que se dictan instruccións sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución ala reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.", da "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e do "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa na táboa que se inclúe no Anexo I deste expediente.,

SEGUNDO: Aprobar o incremento salarial por importe total de **29.242,80 €** derivados da entrada en vigor das devanditas normas con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **“REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO II”:**

- **6.060,04 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 “GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO”.

- **00,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 “S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO”. Nesta partida non procede importe atrasos por non superar cos aumentos salariais as bases mínimas de cotización por continxencias comúns por horas aplicables aos contratos de traballo a tempo parcial.

- **OE “VIGO CAPACITA VIII”:**

- **7.678,63 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310012 *GASTOS DE PERSOAL “VIGO CAPACITA VIII”*

- **749,40 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600012 *“SEGURIDADE SOCIAL “VIGO CAPACITA VIII”*.

- **PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022:**

- **10.383,45 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 DUSI OT9, LA17, INSERCIÓN LABORAL

- **4.371,28 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 DUSI OT9, LA17, S.S. INSERCIÓN LABORAL

TERCEIRO: Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao *"Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007"*, derivadas da entrada en vigor da *"Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución ala reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias."*, da *"Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023"* e do *"Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023"*, para establecer os salarios correspondentes a este ano 2023

BENEFICIARIOS:



Concello de Vigo

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.951,76	325,29	2.277,05	2.277,05	84/a	33,10	753,70	3.030,75
Diplomado	1.665,19	277,53	1.942,72	1.942,72	84/a	33,10	643,04	2.585,76
Xefe administrativo	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/a	33,10	512,92	2.062,52
Delineante	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	2.064,84
Técnico Auxiliar PRL	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	2.064,84
Capataz-construción.	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/d	38,30	593,50	2.143,10
Auxiliar topógrafo	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/-	33,25	438,69	1.758,06
Oficial albanel	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintería metálica.	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintería aluminio	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintería madeira	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial condución	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/f	38,30	505,32	1.824,69
Oficial desinfección	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/g	35,20	464,42	1.783,79
Oficial electricista	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial fontaneiro	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial mecánica automoción	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial pintor	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial xardinaria	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/g	35,20	464,42	1.783,79
Auxiliar administrativo	1.080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/a	33,10	417,06	1.677,06
Peón construción	1.080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/d	38,30	482,58	1.742,58
Peón xardinaria-forestal.	1.080,00	180,0000	1.260,0000	1.260,0000	84/g	35,20	443,5200	1.703,5200

TÉCNICOS E XESTORES:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Titulado superior	2.559,00 €	426,50 €	2.985,50 €	2.985,50 €	84	33,25	992,68 €	3.978,18 €
Titulado medio	2.064,14 €	344,02 €	2.408,17 €	2.408,17 €	84	33,25	800,72 €	3.208,88 €
Experto docente	1.899,16 €	316,53 €	2.215,68 €	2.215,68 €	84	33,25	736,71 €	2.952,40 €
Oficial administrativo	1.404,33 €	234,06 €	1.638,39 €	1.638,39 €	84	33,25	544,76 €	2.183,15 €

18(129).- APROBACIÓN DA MEMORIA DE OBRAS DE INTERESE SOCIAL A PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIONS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, PARA O EXERCICIO DO ANO 2023. Expte. 19917/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia núm. 22, do mércores 01 de febreiro de 2023, a consellería de Emprego e Igualdade vén de publicar a *“ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F).”*

A través deste programa a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un período de contratación subvencioable de nove (9) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75%, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50%, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- **Beneficiarias:** persoas perceptoras da RISGA e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.
- **Máximo** de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da RISGA.
- **A axuda** abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade, en concepto de retribución ás persoas participantes, que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 01 de marzo de 2023.

É por isto que dende a Concellería de Emprego se solicitou ao departamento municipal de Mantemento de Vías Municipais dependente da Área de Fomento e Servizos, actuacións de interese para o seu ámbito competencial que puidesen acollerse a esta subvención.

Para o presente ano 2023 e, de resultas desta solicitude, o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local xunto co servizo de Fomento achegan memoria, por un importe total de **491.061,15 €** resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **40** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que existiría unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, vixente para este ano e coas táboas salariais actualizadas a efectos desde 01/01/2023, logo da actualización salarial tramitada en expediente 19925/77 (en aplicación da "Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución ala reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.", da "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e do "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023").

Resúmense no cadro que se achega á presente proposta os datos básicos da memoria achegada polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de



Concello de Vigo

exclusión social perceptoras da RISGA neste ano 2023, especificando o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun período de contratación de 9 meses e unha xornada do 75%.

Memoria: “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”

N.º persoas a contratar: 40
Custos Salariais: 491.061,15 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- Desenvolvemento Local e Emprego
 - 9 meses e co 75% da xornada (28 horas 12 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas na memoria a aportación económica do Concello de Vigo contempla os seguintes gastos que se relacionan a continuación:

◦ 1532 2100000	CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS	22.128,66€
◦ 2410 2210400	VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	7.939,44€
◦ 2410 2210400	EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	4.833,55€
◦ 2410 2040000	ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	11.900,00€
◦ 2410 2279913	FORMACIÓN	10.770,00€
◦ 2410 2260200	CARTEIS	450,00€
◦ 2410 1310006	INDEMNIZACIÓN	11.540,39€

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, de acordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía do 6 de setembro de 2022 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de setembro de 2022 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta

de Gobierno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias".

ACORDOS:

1. Aprobar a memoria do departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”**, que se achega para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2023 (código de procedemento TR351F), e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **491.061,15 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle poidan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.
4. Delegar na Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego a representación do Concello de Vigo na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo: “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”

Grupo Cotización Segur Social	Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización contratos a tempo parcial(1)	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Nº MESES: 9	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses e postos)
8	10	Oficial albanel	848,1700	141,3600	989,5300	989,5300	84/d	38,3000	402,3600	1.391,8900	12.527,0100	125.270,1000
	1	Oficial fontaneiro	848,1700	141,3600	989,5300	989,5300	84/d	38,3000	402,3600	1.391,8900	12.527,0100	12.527,0100
	1	Of. Pintor	848,1700	141,3600	989,5300	989,5300	84/d	38,3000	402,3600	1.391,8900	12.527,0100	12.527,0100
	3	Of. conducción	848,1700	141,3600	989,5300	989,5300	84/f	35,2000	402,3600	1.391,8900	12.527,0100	37.581,0300
10	25	Peón construción	810,0000	135,0000	945,0000	945,0000	84/d	35,2000	402,3600	1.347,3600	12.126,2400	303.156,0000
TOTAL	40	Xornada 75%										491.061,15 €

ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 1532 2100000 CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS **22.128,66€**
- 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO **7.939,44€**
- 2410 2210400 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL **4.833,55€**
- 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE **11.900,00€**
- 2410 2279913 FORMACIÓN **10.770,00€**
- 2410 2260200 CARTEIS **450,00€**
- 2410 1310006 INDEMNIZACIÓN **11.540,39€**



Concello de Vigo

19(130).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN, RETRANSMISIÓN EN TELEVIGO DOS ACTOS INSTITUCIONAIS CONCELLO DE VIGO. Expte. 19450/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 14/02/2023 e o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2023, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base ás consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 16 de xaneiro de 2023, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato negociado sen publicidade para o servizo de gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e en streaming.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal con data 16 de xaneiro de 2023.
- Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. (anexado no trámite 7 da xestión de expedientes).
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal de data 20 de xaneiro de 2023. Contén ademais o conforme do Concelleiro de Facenda de data 11 de de novembro de 2022.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 26 de xaneiro de 2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 26 de xaneiro de 2023 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 2 de febreiro de 2023 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 14 de febreiro de novembro de 2023.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente é o servizo de gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e en streaming.

O contrato dará cobertura aos nove eventos institucionais que se consideran de interese para súa retransmisión en directo son os seguintes:

- Cabalgata de Reis,
- Certame de Rondallas,
- Desfile do Entroido,
- Festa da Reconquista,
- Acto Vigueses Distinguidos,
- Acto de entrega da Medalla Honorífica da Cidade,
- Acto de conmemoración do Día de Galicia,
- Acendido da iluminación do Nadal
- Acto do Día da Constitución.

II.2.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato privado de servizos, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

Á vista do informe elaborado por ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. empresa adxudicataria do contrato da "prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo" expediente 18174-101, A Alcaldía solicitou un informe a ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L., (empresa adxudicataria do contrato da "prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo" expediente 18174-101), e que se anexa a este expediente no trámite nº 7, que conclúe que a retransmisión en directo de eventos locais de Vigo nunha canle televisiva con cobertura en Vigo e a súa área, queda limitado a Televigo (Iniciativas Audiovisuales, SLU), xa que é a única televisión local que hai en Vigo de televisión dixital terrestre (TDT).

Procedemento:

O procedemento é o negociado sen publicidade, xa que concorre a situación obxectiva de que Iniciativas Audiovisuales Vigo, SLU é a única entidade que pode cubrir o servizo de retransmisión televisiva dos actos do Servizo de Festas que constitúe o seu obxecto e que xustifica que se lle encomende a unha empresa determinada, como esixe o artigo 168. a. 2) da LCSP.

En relación aos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato atenderase a un único criterio. Por tratarse dun expediente de exclusividade e tendo en conta de que existe un único contratista, o único factor determinante da adxudicación será o prezo.



Concello de Vigo

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 92200000-3 Servicios de radio y televisión.

Forma de tramitación:

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 119.185,00 € co ive engadido.

Prezo con ive: 119.185,00

Prezo sen ive: 98.500,00

Importe do ive 21%: 20.685,00

En cumprimento do estipulado no artigo 100.2 da LCSP, para acadar o importe do orzamento base de licitación realizouse unha estimación desagregada dos custos que inclúen os gastos directos e indirectos. Tivéronse en conta os contratos similares tramitados pola Alcaldía e, o último contrato realizado polo servizo de Festas expediente 9520-101 "Contratación da retransmisión televisiva vía streaming dos actos do servizo de Festas".

A xustificación e desagregación do orzamento base de licitación realizouse en función dos tipos de eventos a realizar, clasificados en tres tipoloxías A, B e C, polas súas necesidades técnicas, tales como: número de cámaras, realización nar rúa ou espazos interiores, tipo de emisión, presentador, etc).

Sendo os tipos e prezos unitarios os seguintes segundo se detalla na memoria económica deste expediente:

- EVENTO TIPO A): Prezo unitario 14.399,00€ iva engadido.
- EVENTO TIPO B): prezo unitario 12.463,00 € (iva engadido)
- EVENTO TIPO C) prezo unitario: 11.737,00(iva engadido)

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo abonarase en función da prestación realmente executada, que servirá como base para a execución deste contrato.

Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificacións, nin prorrogas. Sendo o valor estimado do contrato estipúlase en 98.500,00 €.

Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o iva. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

Anualidades

Primeira e única anualidade: Do 1 de marzo de 2023 ao 28 de febreiro de 2024 por un importe de 119.185,00 € co ivo engadido.

Ano 2023: 92.323,00

Ano 2024: 26.862,00 €

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da Lei 9/2017. Non se fixan tarefas críticas.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

Prazo de execución: O cómputo do prazo iniciarase o 1 de marzo de 2023 ao 28 de febreiro de 2024.

Prórroga: De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía



Concello de Vigo

II.11.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.
- Minimización de ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores.

Co obxecto de contribuír a mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados polo desenvolvemento deste contrato, en concreto no referido ao uso de materiais reciclados e reutilizables.

Os equipos de son emiten ondas acústicas que deben axustarse na intensidade ao emprazamento onde ser realice o servizo. Se xustifica a elección destas condicións na mellora da sustentabilidade e a protección do medio ambiente así como na protección das persoas contra as agresións producidas pola enerxía acústica, os ruídos e vibracións.

II.12.- Solvencia

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

II.13.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e en streaming.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 2 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 14 de febreiro de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 119.185,00 € co ive engadido. Sendo o importe do ive de 20.685,00 €

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación. Sendo os importes das anualidades os seguintes:

Primeira e única anualidade: Do 1 de marzo de 2023 ao 28 de febreiro de 2024 por un importe de 119.185,00 € co ive engadido.

Ano 2023: 92.323,00

Ano 2024: 26.862,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

20(131).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDAS NA OEP 2017, 2018, 2019. Expte. 41736/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo de Xunta de Goberno local de data 03/05/2022, foron nomeados **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os/as seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre, coas maiores puntuacións:

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARJONES CAMPOS	I.J.	***8686**
2	REGUEIRO OTERO	B.	***8722**
3	SANMARTÍN FERRADÁS	V.	***2008**
4	ROMERO VALVERDE	F.	***8598**
5	ANELLO CORRAL	R.	***3560**
6	BARREIRO GARCÍA	D.	***1034**
7	BUSTO RIGUEIRO	P.	***5965**
8	CUSTODIO ARES	A.	***3476**
9	GIL RODRÍGUEZ	P.	***7064**
10	ACUÑA PEÓN	E.	***1531**
11	BARREIRO RODRÍGUEZ	D.	***6530**
12	DAVILA GRANADA	P.	***6273**
13	GÓMEZ FERREIRO	O. E.	***9298**
14	BARBOSA CAMPOS	D.	***5938**
15	CRESPO CASTRO	R.	***1725**
16	FARIÑAS-FERRO MARÍN	S.	***8386**
17	BASTOS SALORIO	E.	***7352**
18	BEA NEIRA	D.	***1931**

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
19	OTERO TABOADA	E.	***8888**
20	RODRÍGUEZ LÓPEZ	E.C.	***2430**
21	VEIGA ENTENZA	B.	***5880**
22	YEBRA BARREIRO	Y.	***5847**
23	BALLESTEROS CANEL	R.	***2880**
24	EIRÍZ VÁZQUEZ	M.	***9012**
25	REBOLO LÓPEZ	A.	***4845**
26	SANTOALLA BLANCO	A.	***5615**
27	VILLAPOL MANSILLA	P.	***3054**
28	COUÑAGO LÓPEZ	A.	***0797**
29	BANDE LOSADA	P.	***5977**
30	LÓPEZ ÁLVAREZ	R.	***7502**
31	GONZÁLEZ BARREIRO	V.	***7224**
32	FREIRE RODRÍGUEZ	M.	***7509**
33	ANIDO LOBATO	Á.	***5511**
34	PARGA GONÇALVES	S.	***1805**
35	CARRILLO CALVO	A.	***2615**
36	NÚÑEZ CAAMAÑO	J.R.	***0166**
37	CONDE VILAR	S.	***2201**
38	DÍAZ VILLAVERDE	I.	***4330**
39	BERNÁRDEZ ARAUJO	A.	***8421**
40	CALVIÑO FERNÁNDEZ	P.	***9199**
41	INFANZÓN CASALDERREY	M.	***8036**

II.- Os puntos segundo e terceiro do referido acordo dispoñían: "**SEGUNDO.**- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados como funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-práctico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios/as en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como



Concello de Vigo

funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios/as de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

III.- O día 21/03/2022 publicouse no DOG resolución do 11/03/2022 que convocaba o curso selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da policía local.

IV.- A AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 13/02/2023, informe de data 10/02/2023 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 11/03/2022 (trámite 7 do expediente)

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARJONES CAMPOS	I.J.	***8686**
2	REGUEIRO OTERO	B.	***8722**
3	SANMARTÍN FERRADÁS	V.	***2008**
4	ROMERO VALVERDE	F.	***8598**
5	ANELLO CORRAL	R.	***3560**
6	BARREIRO GARCÍA	D.	***1034**
7	BUSTO RIGUEIRO	P.	***5965**
8	CUSTODIO ARES	A.	***3476**
9	GIL RODRÍGUEZ	P.	***7064**
10	ACUÑA PEÓN	E.	***1531**
11	BARREIRO RODRÍGUEZ	D.	***6530**
12	DAVILA GRANADA	P.	***6273**
13	GÓMEZ FERREIRO	O. E.	***9298**
14	BARBOSA CAMPOS	D.	***5938**
15	CRESPO CASTRO	R.	***1725**
16	FARIÑAS-FERRO MARÍN	S.	***8386**
17	BEA NEIRA	D.	***1931**
18	OTERO TABOADA	E.	***8888**
19	RODRÍGUEZ LÓPEZ	E.C.	***2430**
20	VEIGA ENTENZA	B.	***5880**
21	YEBRA BARREIRO	Y.	***5847**
22	BALLESTEROS CANEL	R.	***2880**

23	EIRÍZ VÁZQUEZ	M.	***9012**
24	REBOLO LÓPEZ	A.	***4845**
25	SANTOALLA BLANCO	A.	***5615**
26	COUÑAGO LÓPEZ	A.	***0797**
27	BANDE LOSADA	P.	***5977**
28	LÓPEZ ÁLVAREZ	R.	***7502**
29	GONZÁLEZ BARREIRO	V.	***7224**
30	FREIRE RODRÍGUEZ	M.	***7509**
31	ANIDO LOBATO	Á.	***5511**
32	PARGA GONÇALVES	S.	***1805**
33	CARRILLO CALVO	A.	***2615**
34	NÚÑEZ CAAMAÑO	J.R.	***0166**
35	CONDE VILAR	S.	***2201**
36	DÍAZ VILLAVERDE	I.	***4330**
37	BERNÁRDEZ ARAUJO	A.	***8421**
38	CALVIÑO FERNÁNDEZ	P.	***9199**
39	INFANZÓN CASALDERREY	M.	***8036**

V.- En data 16/02/2023, a AGASP comunica informe no que consta que os alumnos Bastos Salorio E. e Villapol Mansilla P., superaron o período de prácticas no seu concello, de acordo co informe entregado á Academia, pero non acadaron a cualificación de apto no curso teórico realizado na AGASP. No mesmo informe conclúe: *“Tendo en conta as avaliacións actitudinais presentadas polo profesorado, titoría e xefatura de estudos, acordouse que os alumnos referenciados con anterioridade dese concello deben repetir unha parte do próximo curso selectivo que se convoque, na que se lle fará un seguimento especial e valoración actitudinal aos efectos de poder emitir informe definitivo de procedencia ou non sobre a superación do curso.*

Ademais solicítase a ese concello a constitución dunha comisión de seguimento en relación a estes alumnos e se nomee a dúas persoas para facer un seguimento individualizado, así como para informar tanto aos alumnos referidos, como ao concello de sucesos, situacións e informes concretos, polos que se chegou a decisión de non valorar positivamente a súa capacidade actitudinal no traballo a desenvolver., e solicítase asimesmo que continúen como funcionarios en prácticas e sexan de novo avaliados por ese concello, certificando ou non a súa superación.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación



Concello de Vigo

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (...) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: *“1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*

2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.

3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.”

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”,* establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”



Concello de Vigo

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación. No presente caso:

- De conformidade coa Bases da convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público 2017, 2018, 2019 (1ª fase), en concreto Base décimo sexta das Xerais da convocatoria (BOPPO 07/072020), o nomeamento como funcionarios/as de carreira dos policía locais, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”
- Por outra banda, a Base Décimo Cuarta das referidas Bases dedicada ao Período de Prácticas e Cursos Selectivos, indica: *“Por resolución motivada do órgano que convoca os/as aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira.*

Poderán incorporarse, en todo caso, ao curso inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira.

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 13/02/2023, informe de data 10/02/2023 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 11/03/2022 (trámite 7 do expediente) que constan no antecedente IV de este informe.

En data 16/02/2023, a AGASP comunica informe no que consta que os alumnos Bastos Salorio E. e Villapol Mansilla P., superaron o período de prácticas no seu concello, de acordo co informe entregado á Academia, pero non acadaron a cualificación de apto no curso teórico realizado na AGASP. No mesmo informe conclúe: *“Tendo en conta as avaliacións actitudinais presentadas polo profesorado, titoría e xefatura de estudos, acordouse que os alumnos referenciados con anterioridade dese concello deben repetir unha parte do próximo curso selectivo que se convoque, na que se lle fará un seguimento especial e valoración actitudinal aos efectos de poder emitir informe definitivo de procedencia ou non sobre a superación do curso.*

Ademais solicítase a ese concello a constitución dunha comisión de seguimento en relación a estes alumnos e se nomee a dúas persoas para facer un seguimento individualizado, así como para informar tanto aos alumnos referidos, como ao concello de sucesos, situacións e informes concretos, polos que se chegou a decisión de non valorar positivamente a súa capacidade actitudinal no traballo a desenvolver., e solicítase asimesmo que continúen como funcionarios en prácticas e sexan de novo avaliados por ese concello, certificando ou non a súa superación.”

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada

partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO:** Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2017, 2018, 2019, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 03/05/2022, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:



Concello de Vigo

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARJONES CAMPOS	I.J.	***8686**
2	REGUEIRO OTERO	B.	***8722**
3	SANMARTÍN FERRADÁS	V.	***2008**
4	ROMERO VALVERDE	F.	***8598**
5	ANELLO CORRAL	R.	***3560**
6	BARREIRO GARCÍA	D.	***1034**
7	BUSTO RIGUEIRO	P.	***5965**
8	CUSTODIO ARES	A.	***3476**
9	GIL RODRÍGUEZ	P.	***7064**
10	ACUÑA PEÓN	E.	***1531**
11	BARREIRO RODRÍGUEZ	D.	***6530**
12	DAVILA GRANADA	P.	***6273**
13	GÓMEZ FERREIRO	O. E.	***9298**
14	BARBOSA CAMPOS	D.	***5938**
15	CRESPO CASTRO	R.	***1725**
16	FARIÑAS-FERRO MARÍN	S.	***8386**
17	BEA NEIRA	D.	***1931**
18	OTERO TABOADA	E.	***8888**
19	RODRÍGUEZ LÓPEZ	E.C.	***2430**
20	VEIGA ENTENZA	B.	***5880**
21	YEBRA BARREIRO	Y.	***5847**
22	BALLESTEROS CANEL	R.	***2880**
23	EIRÍZ VÁZQUEZ	M.	***9012**
24	REBOLO LÓPEZ	A.	***4845**
25	SANTOALLA BLANCO	A.	***5615**
26	COUÑAGO LÓPEZ	A.	***0797**
27	BANDE LOSADA	P.	***5977**
28	LÓPEZ ÁLVAREZ	R.	***7502**
29	GONZÁLEZ BARREIRO	V.	***7224**
30	FREIRE RODRÍGUEZ	M.	***7509**
31	ANIDO LOBATO	Á.	***5511**
32	PARGA GONÇALVES	S.	***1805**
33	CARRILLO CALVO	A.	***2615**

34	NÚÑEZ CAAMAÑO	J.R.	***0166**
35	CONDE VILAR	S.	***2201**
36	DÍAZ VILLAVERDE	I.	***4330**
37	BERNÁRDEZ ARAUJO	A.	***8421**
38	CALVIÑO FERNÁNDEZ	P.	***9199**
39	INFANZÓN CASALDERREY	M.	***8036**

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO.- Declarar a non superación do curso selectivo convocado por resolución de 11/03/2022 dos alumnos Bastos Salorio E. e Villapol Mansilla P., de conformidade co informe emitido pola AGASP en data de sinatura dixital 15/02/2023, dispoñendo ao amparo do mesmo a continuidade como funcionarios en prácticas, debendo ser novamente valorados polo Concello, dispoñendo a obrigada repetición dunha parte do próximo curso selectivo que se convoque, nos termos e condicións establecidos no informe sinalado; a efectos do que habilitase á Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal para que proceda á designación, por resolución administrativa, de dúas persoas para o desenvolvemento das actuacións requiridas pola AGASP, dando conta das mesmas á Xunta de Goberno Local.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(132).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez